



Paraíso  
entre ríos

# INFORMACIÓN MUNICIPAL

Desde hai varios anos, a Senda Peonil Obre – Betanzos constitúe un obxectivo importante nas actuacións que queremos levar a cabo desde o goberno do Concello co fin de proporcionarlles a tódolos veciños a seguridade vial necesaria para desprazarse por un lugar de tránsito agradable aproveitando un entorno con importantes recursos paisaxísticos.

Aprobada pola Deputación, no goberno presidido polo PSOE (2007-2011) e para da estes pasados catro anos polo anterior goberno do PP (2011-2015), incentivouse novamente o proxecto da Senda Peonil co goberno elixido tralas pasadas eleccións, novamente presidido polos socialistas, comezando en breve as necesarias expropiacións por parte do Organismo provincial, para facer deste proxecto unha realidade.

Esta actuación ten como fin aumentar a seguridade viaria creando unha senda na que as persoas que se desprazan teñan garantido o seu paseo sen o perigo que supón camiñar pola actual estrada.

Un valor importante que vai a repercutir nos atractivos da zona e na potenciación do patrimonio natural asociado ó entorno do río Mandeo.

Por outra banda, a Deputación da Coruña ven a crear un novo Plan de Acción Social (PAS). A través do cal, Paderne verase beneficiado coa cantidade de 220.988 € que se dedicarán a mellorar as obras e servizos do noso Concello.

Actuacións todas elas de gran importancia para os veciños das distintas parroquias que poden disfrutar das melloras que estas inversións representan e polas que seguimos a traballar a fin de contribuír ó benestar de todos.

O voso Alcalde



*O Alcalde e o novo Presidente da Deputación.*

## Aulas de Conciliación

Nesta tempada de verán o Concello puxo en funcionamento as Aulas de Conciliación co fin de prestar axuda ás familias de Paderne con menores de entre 3 e 12 anos a fin de que os pais e nais poidesen conciliar a súa vida familiar e laboral prestándose este servizo do 1 de xullo ó 31 de agosto en horario de 8:30 a 14:30 horas.

Foron **16** as familias e un total de **18** menores os que se beneficiaron deste programa.

## Día da Familia

Tras once anos da primeira convocatoria realizada polo Alcalde para o Día da Familia, esta celebración, que se realiza o último sábado do mes de agosto, segue a xuntar á maioría das familias do Concello como remate da tempada de verán en Paderne acudindo a pasar o día en torno a unha gran mesa e un programa cargado de actividades para o disfrute de grandes e pequenos, actividades que axudan a que as familias permanezan xuntas ata ben entrada a noite.

Así, e ó aire libre, os nenos puideron pasalo ben saltando nos inchables, montando no toro mecánico, xogando coa festa da espuma ou participando nas carreiras de sacos e outros xogos. Tamén os maiores tiveron diversión coa animación das gaitas, unha charanga a partires das cinco da tarde e xogos de mesa; chegada a noitiña deu comezo a música de baile e, no pequeno descanso realizado, a entrega de medallas e a sesión de fogos artificiais que, xunto coa degustación de queimada servida ó remate da cea, fixeron desde día outra xornada inolvidable en Paderne.



*O Alcalde saúda ás familias ó comezo da comida*

## Excursión a Andalucía



*O Alcalde con parte do grupo coa vista da Alhambra de Granada ó fondo.*

Os días **7, 8, 9, 10 e 11 de setembro** o Alcalde levou a un grupo de persoas de Paderne a visitar varias cidades emblemáticas da Comunidade de Andalucía. **Granada, Córdoba, Málaga, Torremolinos, Marbella e Benalmádena**, foron os centros de interese desta visita.

En **Córdoba**, unha guía oficial foi explicando os puntos máis relevantes da cidade e a súa historia, barrio da xudería ou a Mezquita podendo admirar as pegadas que a historia foi deixando na súa fisonomía.

En **Granada**, tamén e a través das explicacións dunha guía oficial, visitouse o barrio de Albaicín, e o Mirador de San Cristóbal, así como o museo da Universidade e a Capela na que descansan os restos dos Reis Católicos ademais dos barrios típicos que tamén mostran claramente o seu pasado árabe.

En **Málaga** visitouse a cidade con dous guías oficiais que foron explicando o Teatro Romano, a Alcazaba, o entorno do Museo Picasso e a Malagueta ademais de realizar unha panorámica polo entorno do paseo marítimo.

Tamén se visitaron **Marbella e Benalmádena**, importantísimos enclaves da Costa do Sol que desenvolveron a súa economía fundamentalmente e en base á oferta turística a partires da segunda metade do Século XX.

## Actividades de Adultos Curso 2015-2016

### PADERNE

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Inglés 20:00-21:00	Ximnasia de mantemento 19:15-20:00  Inglés 19:30-20:30  Costura 20:30-22:30	Tapiz e Tear 19:30-21:30  Informática perfeccionamento 20:00-21:00	Ximnasia de mantemento 19:15-20:00  Inglés 20:00-21:00	Pintura e Manualidades 17:00-19:00  Pilates 19:45-20:45  Informática Inic. 19:30-20:30

**O Alcalde realizará a presentación das actividades o MARTES día 13 de outubro ás 20:30 h. no Salón de Sesións da Casa do Concello**

### SOUTO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	VENRES
Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	Cestería 16:00-18:00	Tapiz e Tear 17:00-19:00  Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	Manualidades Restauración 19:30-21:30

**iii TES ATA  
O 9 DE OUTUBRO  
PARA REALIZAR  
A TÚA INSCRIPCIÓN !!!**

### VIÑAS

LUNS	MÉRCORES	VENRES
Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Pilates 18:30-19:30

### ADRAGONTE

MARTES
Manualidades 20:00-22:00

### QUINTAS

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
Ximnasia de mantemento 21:15-22:00	Cociña iniciación 19:00-21:00	Ximnasia de mantemento 21:15-22:00	Cociña Avanzado 20:30-22:30

### VILAMOUREL

MARTES	XOVES	VENRES
Ximnasia de mantemento 20:15-21:00  Baile 22:00-23:30	Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	Cestería 18:30-20:30

### VELOUZÁS

MARTES	XOVES
Ximnasia de mantemento 18:15-19:00	Ximnasia de mantemento 18:15-19:00

### VIGO

LUNS	MARTES	VENRES
Tapiz e Tear 17:00-19:00	Pintura e Manualidades 17:30-19:30	Costura 20:30-22:30

## E si queres saber en qué consisten e o que vas a facer nas novas actividades, de seguido tes unha breve explicación

**COSTURA.-** Poderás aprender ou ampliar as túas destrezas en corte e confección, costura creativa confeccionando prendas de utilidade para a túa casa como colchas, manteis, tapices ou cadros utilizando a técnica do pastchwork ou tamén calceta si eso é o que che gusta, sorprendendo á túa familia

**TAPIZ E TEAR.-** Aprendendo a tecer a man usando técnicas tradicionais, trenzando e nudando fíos de cores diversas. O resultado son tapices semellantes a cadros ou alfombras.

Con esta actividade poderás coñecer tamén técnicas como o macramé e traballos en fieltro.

**COCIÑA.-** Pratos e técnicas innovadoras na cociña tradicional como outra forma de cociñar a gran variedade de produtos da nosa horta.

Para aproveitar o mellor posible este curso vai a haber dous grupos diferenciados por niveis

**INFORMÁTICA.-** Mellorando ou aprendendo o manexo das novas tecnoloxías adaptándose ás demandas e necesidades da sociedade actual

**BAILE.-** Pasando bos momentos con compañeiros doutras parroquias en torno a unha actividade divertida.

**INGLÉS.-** Este idioma tan básico para desenvolverse será impartido por unha profesora para a cal este idioma representa a súa segunda lingua co conseguente beneficio para os participantes.

**XIMNASIA.-** A importancia do exercicio físico para o mantemento da saúde é algo que o Concello quere facilitar para o benestar das persoas.

**CESTERÍA.-** Traballos artesanais con estes materiais introducindo novas técnicas serán as novidades que neste curso van a poder coñecer as persoas que participen nestes talleres.

## Actividades Extraescolares Curso 2015 - 2016

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Fútbol Sala 17:00-18:00	Psicomotricidade 17:00-18:00	Fútbol Sala 17:00-18:00	Patinaxe 16:00-17:00	Informática 17:30-18:30 18:30-19:30
Inglés Primaria 16:30-17:30 e de 17:30-18:30	Inglés Infantil 16:15-17:15	Inglés Primaria 16:30-18:00	Bádminton 17:00-18:00	
Inglés E.S.O. 18:30-19:30			Inglés E.S.O. 18:30-19:30	

**Para a actividade de patinaxe será obrigatorio o uso de casco e os outros elementos de protección que farán máis segura esta actividade.**

***Estas actividades darán comezo a semana do 13 de outubro; para participar nelas hai que realizar a correspondente inscrición asinada polos pais/nais ou titores legais***



## Nova Equipación para Emerxencias

Cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Concello de Paderne ven de concedérselle un **vehículo furgón para transporte e loxística** moi necesario para facer fronte ás necesidades diarias que se presentan.

O Alcalde, acompañado polo presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, foron a recoller este novo vehículo que ven a completar a dotación de vehículos para misións de protección civil co fin de proporcionar os medios materiais e técnicos necesarios para as emerxencias que se poidan producir no Concello.



*O Alcalde e o Presidente da Agrupación o día de entrega do vehículo*

## Solicitud de Subvención para un Remolque para Misiões de Protección Civil

A fin de seguir dotando á Agrupación de Protección Civil do Concello dos medios necesarios para a realización das súas misións de servizo á poboación, o Alcalde ven de solicitar un remolque que complemente os vehículos existentes e así ir dotando de medios ós voluntarios que altruistamente prestan parte do seu tempo para a realización de tarefas de servizo ós veciños.

## Contratación das Obras incluídas No POS 2015

O Concello vai a realizar as obras incluídas no Plan de Obras e Servizos 2015 da Deputación da Coruña, por un total de **82.103,30 €** e que inclúen a mellora das seguintes vías:

### Na parroquia de Viñas:

Camiño do Hormeiro – Ponte de Lambre  
Camiño N-651 – Trasmil

### Na parroquia de Vigo:

Camiño de Cruceiro – Bión  
Camiño Cruceiro – Os Carballos II  
Camiño Fonte – Vilaxurxo

### Na parroquia de Adragonte:

Camiño dos Caseiros – Casal

**Mellora do Camiño Santo Estevo (Quintas) – Vilamourel – Costa de Lucas (Vigo)**

## Balneoterapia

O Concello de Paderne, ten previstas as seguintes saídas de balneoterapia ó balneario de Guitiriz para os vindeiros **xoves 29 de outubro** e **xoves 26 de novembro** (últimos xoves de mes)

Poden beneficiarse deste servizo as persoas maiores de 65 anos e os pensionistas maiores de 60 que se atopen empadroados no Concello de Paderne. A saída da Casa do Concello será ás 9.30 e o regreso ás 13.30 h.

Os interesados teñen ata o martes anterior para solicitar a súa participación.

## Servizo de Podoloxía

Tódolos socios do Centro de Maiores de Paderne poden facer uso dun importante servizo que, instaurado polo Alcalde no ano 2008, ven a proporcionar uns coidados moi necesarios ós nosos maiores.

Ata o mes de decembro o seu horario é o seguinte:

**Luns.- de 11:00 a 18:30 h • Martes.- de 16:00 a 19:30 h • Venres.- de 11:00 a 18:30 h**

Con este horario as persoas que precisen o servizo de transporte municipal teñen os luns e venres para acudir ás súas citas en horario de mañá.

## Curso de Aplicador de Productos Fitosanitarios de Nivel Básico

O Concello de Paderne, a través da Oficina Agraria Comarcal de Betanzos e sendo conscente da necesidade dun título que acredite estar en posesión dos coñecementos necesarios para a manipulación destes produtos, celebrou un Curso Básico de aplicador de produtos fitosanitarios.

Este curso realizouse os días 7, 8, 9, 10 e 11 de setembro nas dependencias da Casa Consistorial en horario de 17:00 a 20:30 horas.

A súa temática estivo centrada nos temas legislativos e nos coñecementos necesarios para a aplicación e manipulación dos mesmos.

As persoas inscritas tiveron a oportunidade de obter o título acreditativo nun examen realizado o pasado día 15 de setembro no Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo.



*O Concelleiro de Educación, Xuventude e Deporte realizando a presentación do curso*

## 25 de Novembro. Xornada Contra a Violencia de Xénero

Cada ano, o Concello de Paderne súmase a esta campaña de concienciación contra a violencia de xénero da que son vítimas mulleres e nenos causando unha tremenda dor, tanto nas familias que a sofren, como na propia sociedade.

Por este motivo, o Alcalde invita ás persoas de Paderne a participar no acto que vai a ter lugar este día ás **20:00 h** nas dependencias do **Centro de Maiores**.

As palabras do Alcalde e un recordatorio sobre esta problemática, darán paso a unha pequena representación que, en clave de humor, quitará un pouco de seriedade a un día triste para tódalas persoas.